

## GUÍA DO PRÁCTICUM: PRÁCTICAS EXTERNAS DA ESPECIALIDADE EN PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL E COMUNITARIA

As prácticas externas da Especialidade en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria, do Máster en Psicoloxía pola USC réxense pola normativa aplicable ([RD 592/2014, de 11 de xullo](#)), que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e polo [Regulamento de prácticas académicas externas da USC](#); e desenvólvense conforme ao establecido na Memoria de Verificación do Título (en adiante MVT).

### 1. RESUMO DO PLAN FORMATIVO:

Nome: Prácticum: Prácticas externas Especialidade en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria

Créditos (ECTS) e horas: 18 créditos (obrigatorios), 450 horas

Carácter: Prácticas externas supervisadas

Localización temporal no plan de estudos: (2º curso, 1º semestre)

Resultados da aprendizaxe:

- Ser capaz de integrar e trasladar os coñecementos, técnicas e habilidades adquiridos aos contextos reais de intervención.
- Ser capaz de demostrar, na práctica profesional supervisada, os coñecementos, actitudes e habilidades necesarias para enfrontarse con eficiencia a avaliación, diagnóstico e intervención psicosocial nos ámbitos da Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria.
- Ser capaz de resolver problemas asociados á práctica da Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria.
- Ter a capacidade para emitir xuízos mediante a análise crítica, a avaliación e a síntese de ideas orixinais e complexas, en contextos de intervención.
- Adquirir as habilidades de relación con outros/as profesionais e cos/as usuarios/as dos servizos nos que se realizan as prácticas.

Competencias específicas

- Adquirir coñecementos avanzados e desenvolver a capacidade de valoración crítica dos métodos e técnicas psicolóxicas propias dos ámbitos do máster para o afrontamento de problemas novos en contextos complexos.
- Saber identificar as necesidades e recursos dispoñibles para definir a actuación psicolóxica propia dos ámbitos do máster, a partir da integración dos coñecementos adquiridos, e da súa aplicación en entornos novos e/ou definidos de forma imprecisa.

- Saber identificar e seleccionar técnicas e instrumentos propios dos ámbitos de especialización do máster de acordo cos obxectivos propostos.
- Saber adaptar e utilizar as técnicas e instrumentos propios da Psicoloxía para afrontar situacións específicas da práctica profesional nos dominios de coñecemento do máster.
- Ser capaz de analizar e resolver situacións complexas, nos ámbitos específicos do máster, mediante o deseño, a programación e a implementación de estratexias para a solución de problemas.
- Ser capaz de avaliar a eficacia das estratexias aplicadas a partir de criterios éticos e de calidade.

Contidos:

- Realización de práctica profesional nos ámbitos da Psicoloxía da intervención social e comunitaria.
- Desenvolvemento dos comportamentos profesionais e éticos apropiados para o exercicio profesional.
- Desenvolvemento e posta en práctica das competencias propias do exercicio profesional no ámbito da especialización en intervención social e comunitaria.

## 2. ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

Xestión:

A Comisión do Título (en adiante CT) é o organo responsable de establecer os procedementos para a realización do Prácticum/Prácticas externas (en adiante prácticas) e a súa avaliación. Para a xestión de aspectos específicos a Comisión poderá delegar no/a coordinador/a de especialidade.

Son competencias da CT:

- Establecer os procedementos xerais de avaliación do rendemento dos/as estudantes na materia.
- Establecer os protocolos de relación entre titores/as externos e internos, así como dos/as titores/as co estudiantado.
- Establecer os procedementos de avaliación, referidos tanto á organización como os resultados da materia, por parte do estudiantado, os/as titores/as académicos e os/as titores/as externos.

Ademáis a CT, en coordinación coa Comisión do Prácticum da Facultade (tal como recolle o Regulamento de réxime interno da Facultade e o proceso PC-04 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do centro), encárgase de :

- Xestionar a oferta e a demanda de prazas, incluíndo a promoción de novos convenios para oferta de prazas e os procedementos de asignación dos/as estudantes ás prazas existentes.
- Establecer e verificar as condicións e os criterios de calidade esixibles ás entidades, empresas e institucións participantes no Prácticum.

### Oferta e asignación de prazas

As prazas para a realización do Prácticum ampáranse en convenios con diferentes entidades que ofrecen atención psicolóxica no ámbito da intervención social e comunitaria. As condicións destes convenios inclúen a necesidade de que as entidades contén con polo menos un/a psicólogo/a, que actuará como titor/a profesional dos estudantes durante o período de permanencia no centro de prácticas.

A CT, en coordinación coa Comisión de Prácticum da Facultade, actualizará anualmente a oferta de prazas, que será publicada xunto co calendario anual de procedementos do Prácticum.

Os/as estudantes disporán dun prazo de preinscrición para indicar as súas preferencias sobre as prazas ofertadas. A tal fin, cada estudante cubrirá a documentación dispoñible na web da Facultade, no prazo que se estableza para cada curso.

A CT realizará a asignación de prazas tendo en conta as preferencias manifestadas polos/as solicitantes e tomando como criterio selectivo, de ser preciso, o expediente académico correspondente á titulación que dea acceso ao Máster.

Xunto coa publicación dunha relación provisional de asignación de prazas, establecerase un período de reclamacións. Finalizado este período, publicarase a asignación definitiva de prazas e titores/as académicos/as designados/as.

### Organización e desenvolvemento

A CT organizará, anualmente, unha sesión informativa para o alumnado do título, sobre as características e procedementos de xestión, titorización e avaliación das prácticas externas.

As prácticas terán unha duración de 443 horas relacionadas coa actividade no centro ou servizo de prácticas, e as restantes, hasta acadar as 450 están destinadas a titorías, e realización de traballos e informes.

Establécese como período ordinario de prácticas o comprendido polos tres primeiros meses do segundo curso, aínda que poden existir ofertas que discorran fóra deste período, sempre que non entren en conflito coas demais actividades lectivas. Excepcionalmente, poderán propoñerse ofertas de prácticas en período non lectivo, sempre que se poida garantir a titorización efectiva profesional e académica.

Cada estudante deberá contactar co/a titor/a académico/a asignada/o antes de acudir ou contactar co centro de prácticas. Durante a realización do Prácticum, o/a estudante e o/a seu/súa titor/a académico/a manterán contacto periódico.

As actividades formativas se concretarán nun programa específico, en función das características, obxectivos e funcións de cada dispositivo. Este contemplará o exercicio das tarefas desempeñadas no dispositivo, sempre baixo a tutela ou supervisión do/a psicólogo/a profesional responsable.

### Titorización

Cada estudante en prácticas, en centros alleos á Facultade, terá o apoio e asesoramento dun/a titor/a académico/a na Facultade (que será docente da titulación) e dun/ha titor/a profesional (titor externo) no centro de prácticas. No caso de que as prácticas se desenvolvan con profesionais ou equipos da propia Facultade, a titoría académica e profesional poderá ser desempeñada pola mesma persoa.

Corresponderalle a CT nomear aos/as titores/as académicos/as, tendo en conta a conveniencia de que a súa actividade sexa afín ao tipo de prácticas a titorizar.

A actividade de titorización académica será recoñecida como parte do encargo docente do profesorado de acordo co establecido nas normas de planificación académica e elaboración do Plan de Organización Docente aplicables, e tendendo sempre a un recoñecemento acorde coa dedicación real que esta actividade require.

O/a titor/a profesional, que deberá ser psicólogo/a, será designado/a polo propio centro onde se realicen as prácticas.

O titor/a profesional terá o recoñecemento que as instancias competentes da Universidade determinen. Incluirá cando menos a acreditación da súa colaboración na formación dos/as estudantes e os beneficios no uso dos servizos universitarios que a institución determine para as persoas que con ela colaboran.

Será obriga de ámbolos dous titores velar pola adquisición, por parte do alumnado, das competencias asociadas ao Prácticum. Particularmente, deben realizar conxuntamente:

- Concretar e describir as actividades a realizar polo alumnado.
- Asesorar e supervisar ao alumnado durante a realización das prácticas.

- Avaliar o nivel de consecución das competencias establecidas.
- Intercambiar información sobre o progreso do alumnado e as posibles incidencias durante o desenvolvemento do Prácticum.

Á marxe destas funcións compartidas, o/a titor/a académico/a debe cumprir as seguintes funcións específicas:

- Informar ao alumnado sobre as características e procedementos de xestión, orientación e avaliación do Prácticum.
- Orientar ao alumnado na confección da *Memoria do Prácticum*.
- Outorgar a cualificación da materia tendo en conta o *Informe de Seguimento* do/a titor/a profesional e a memoria preceptiva.

O/a titor/a profesional cumprirá as seguintes funcións específicas:

- Preparar un plan de acollida para o alumnado asignado.
- Informar ao alumnado asignado sobre o funcionamento xeral do centro de prácticas e as actividades a realizar.
- Supervisar a asistencia, actitude, desempeño e adquisición de competencias por parte do alumnado, así como atender ás súas consultas en relación ás tarefas a desenvolver.
- Cumprimentar o *Informe de seguimento* do alumnado.

#### Seguimento e sistema de avaliación das prácticas

O/a estudante entregará o/a titor/a académico, ao remate do período de estadía no dispositivo de prácticas, unha *Memoria do Prácticum* (en Modelo dispoñible na web), que deberá conter, cando menos, a descrición do centro de prácticas, das actividades realizadas para o desenvolvemento das competencias e unha valoración persoal do/a estudante.

O titor ou titora profesional emitirá un *Informe de Seguimento* atendendo aos coñecementos, desempeño, habilidades e actitudes que exhibe o/a estudante no contexto da práctica profesional, e o remitirá ao titor ou titora académico/a. A valoración deste informe suporá o 75% da nota final na materia.

O titor ou titora académico/a avaliará a memoria presentada polo/a estudante, tendo en conta a capacidade de análise reflectida, así como a comprensión amosada acerca da información e/ou as habilidades adquiridas durante a realización das prácticas, cumprimentando un *Informe de Avaliación da Memoria do Prácticum* (que suporá o 25% da nota final da materia),

O titor/a académico tamén outorgará a cualificación global da materia, tendo en conta as valoracións de ambos informes.

Os/as titores académicos farán chegar os *Informes de Seguimento* e os *Informes de Avaliación da Memoria do Prácticum* ao/a coordinador/a da Comisión, quen publicará as cualificacións

provisionais, xunto co período de revisión, nas datas que se determinen cada ano en función do calendario académico. Transcorrido o período de revisión, os/as titores/as académicos comunicarán ao/á coordinador/a as modificacións, de producirse estas, nas cualificacións.

A CT outorgará as matrículas de honra, a proposta dos/as titores/as académicos/as, tendo en conta o expediente dos/as alumnos/as e atendendo á proporción establecida na Normativa de Xestión Académica.

A CT proporcionará modelos oficiais para todos os procesos relacionados co Prácticum. A utilización de ditos modelos oficiais é obrigatoria.

A CT é a encargada de velar polo cumprimento das normas desenvolvidas nesta guía, e de interpretalas se fose necesario.